

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LALÍN

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación do Regulamento do Consello Escolar Municipal de Lalín, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2015, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro do regulamento.

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LALÍN

P R E Á M B U L O

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia establece no seu artigo 15.2, que: “Os municipios que dispoñan polo menos dun colexio de EXB deberán constituír o Consello Escolar Municipal”. No artigo 17.2 establécese tamén que: “Os Concellos poderán tomar a iniciativa da constitución dos seus respectivos consellos escolares municipais, fixando as normas regulamentarias de procedemento e comunicándolle á Consellería de Educación o acordo municipal adoptado”.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes, a Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, e tomando como fundamento a propia capacidade municipal procedente da súa autonomía, é posible e conveniente a creación dun órgano municipal de carácter participativo–consultivo que designaremos Consello Escolar Municipal de Lalín (CEML).



ARTIGO 1. CONSTITUCIÓN

1. O Consello Escolar Municipal de Lalín, en adiante CEML, constitúese como órgano de consulta e participación cidadá dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

2. En todo o referido ao seu funcionamento o CEML aterase ao disposto nas presentes normas, á lexislación vixente que en cada momento lle sexa de aplicación e ao que acorde a Corporación Municipal no uso das súas competencias.

ARTIGO 2. COMPOSICIÓN E FUNCÍONS DOS INTEGRANTES DO CONSELLO

1. O Pleno é o máximo órgano do Consello Escolar Municipal e constituirase de acordo co fixado polo Decreto 44/88 dos Consellos Escolares de Galicia.

2. O Pleno do CEML está constituído polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou membro da corporación municipal no que delegue.

Son funcións do presidente: a) a representación oficial do Consello Escolar; b) a convocatoria, presidencia e moderación dos debates do Pleno do CEML; c) a autorización coa súa sinatura dos acordos do Pleno.

Vogais:

— Sete profesores propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción á representación obtida no municipio nas eleccións sindicais respectivas no sector docente.

— Catro nais ou pais de alumnos propostos polas asociacións de n/pais de alumnos;

— Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares; a elección dos representantes de alumnos terá en conta o establecido na sección 2ª do CAPÍTULO III do Decreto 44/88.

— Sete membros elixidos segundo segundo o que dispoña a Corporación Municipal de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia, 3/1986, do 18 de decembro:

a) DOUS directores dos centros docentes do municipio: un dun centro público e outro dun centro privado concertado, de habelo.

b) UN representante proposto pola AED.

c) UN representante das asociacións sindicais con máis representación no municipio.



- d) UN representante do Movemento Dezaio polo Ensino Público.
- e) UN especialista en temas educativos.
- f) UN membro da comunidade educativa que non estea representada polos membros anteriormente mencionados.

Secretario/a: un/ha funcionario/a do Concello ou no seu defecto un membro do propio CEML.

Son funcións do secretario: a) cursar as convocatorias oportunas para as sesións do Pleno do CEML que convocará o Presidente, cando menos con sete días de antelación, coa correspondente Orde do Día; b) redactar as actas das sesións do Pleno do CEML, para a súa posterior ratificación na seguinte sesión; c) calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o Consello.

3. A Administración educativa estará representada no Consello polo funcionario que designe a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. Para o tratamento de cuestións específicas, poderase solicitar a participación de persoas de recoñecida valía ou coñecemento na materia, ou de entidades afectadas no problema. Terán voz, pero non voto.

ARTIGO 3. DURACIÓN E RENOVACIÓN DO MANDATO DOS INTEGRANTES DO CONSELLO ESCOLAR

1. Os membros do CEML designados por colectivos ou entidades poderán ser revogados se quen fixo a designación o considera oportuno.

2. No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O novo membro serao polo tempo que resta para completar o mandato.

3. Ao constituírse unha nova Corporación Municipal cesarán os sete conselleiros elixidos por disposición emanada da anterior Corporación.

4. A renovación dos membros do Consello farase da forma en que foron promovidos a el.

5. Os Conselleiros que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesar como representantes dos seus colectivos ou no momento en que a súa organización perda a representatividade que lles permitiu nomealos.

6. Os representantes do sector do alumnado cesarán como integrantes do CEML no momento en que se convoquen eleccións aos seus postos por terse constituído novos Consellos Escolares nos centros educativos.



ARTIGO 4. COMPETENCIAS DO CEML

1. O CEML deberá ser consultado pola Administración educativa e pola Corporación Municipal nas cuestións que estean establecidas legalmente, e poderá elevar a ambos os dous estamentos, informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

2. O Consello elaborará, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio de Lalín, que enviará á Corporación Municipal, á Administración educativa e ao Consello Escolar de Galicia.

3. A Corporación Municipal deberá someter á consideración do CEML todos os asuntos que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.

4. O carácter de organismo participativo da sociedade civil na programación do ensino non universitario, realizarase mediante funcións propias do CEML: asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes, como estipula o artigo 27 do Decreto 44/88:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e O.U. e demais institucións educativas que afecten ao ensino no ámbito municipal.

b) Actuacións municipais ofertadas aos centros de ensino e normas municipais que afecten servizos educativos complementarios e/ou extraescolares, con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación, e que teñan como finalidade mellorar a súa calidade pedagóxica.

c) A proposta específica das prazas escolares a crear, transformar ou suprimir, así como a proposta de ubicación e das zonas e sectores de influencia dos centros públicos e, se procede, dos privados concertados, e a distribución equitativa das demandas de escolarización para facer factible o acceso de todos os veciños a niveis educativos que lles permitan a súa realización persoal e social.

d) O fomento e desenvolvemento de actividades e accións que melloren a calidade do ensino (especialmente no referido á adaptación da programación ao medio), melloren o rendemento educativo e/ou tendan a compensar e corrixir as desigualdades sociais derivadas do contexto económico, social e cultural do alumnado.

e) A proposta de normas de uso dos equipamentos escolares en horario non lectivo, a obxecto de maximizar o seu rendemento e facilitar a apertura dos centros á súa contorna.

f) O asesoramento nos programas e actuacións municipais que afecten ás competencias obrigatorias do Concello no eido do ensino non universitario.

g) Estudo da situación dos centros docentes dentro da demarcación municipal.



h) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes. Programación de investimentos en materia educativa.

i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

ARTIGO 5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. PLENO E COMISIÓNS

1. O Consello Escolar Municipal de Lalín funcionará en Pleno ou en Comisións.

2. O Pleno reunirse, con carácter ordinario, tres veces ao ano, unha delas ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate, e con carácter extraordinario, cando o presidente o estime oportuno ou o solicite a terceira parte dos seus membros.

3. As Comisións de traballo constituiranse cando o Pleno o considere necesario, fixándose na mesma sesión a finalidade que deben cumprir, os seus integrantes e a súa duración. Xuntaranse cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

ARTIGO 6

1. O CEML poderá, por iniciativa propia, emitir ditames e informes, así como formular propostas á Administración educativa sobre os asuntos a que se refire o artigo 4 do presente Regulamento.

2. Cando o considere necesario o Pleno do CEML poderá designar unha Comisión específica de traballo, na que se procurará que estean representados todos os sectores implicados, que faga un informe preliminar sobre un determinado tema.

3. Unha vez que a correspondente Comisión de traballo redacte o informe preliminar ou o presente, entregaráselles a todos os conselleiros membros do Pleno do CEML con, ao menos, dous días de antelación á data prevista para que se reúna este.

4. Os ditames, informes e propostas remitiráselle á autoridade competente, asinados polo presidente e con expresión de se foron aprobados por unanimidade, maioría ou empate decidido polo voto do presidente e, se for o caso, acompañados dos votos particulares.

ARTIGO 7

1. A convocatoria do Consello corresponderá ao presidente e deberá ser notificada aos seus membros cunha antelación mínima de setenta e dúas horas.



2. O quorum para a súa válida constitución será de maioría absoluta dos seus membros; de non existir, constituirase en segunda convocatoria, media hora máis tarde, sen necesidade de ser notificada, se concorren cando menos a terceira parte dos seus integrantes. Requírese, en todo caso, a presenza do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

3. Os acordos serán adoptados por maioría simple e dirimirá os empates o voto do presidente. Os conselleiros poderán facer constar o seu voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifican.

ARTIGO 8. SEDE DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

A sede e lugar de reunión do Pleno e Comisión do CEML serán sempre locais municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA

Ao comezo de cada curso o presente Regulamento será sometido a nova reflexión por parte do Pleno do CEML, para valorar se é conveniente algunha modificación.

SEGUNDA

O primeiro Consello que se constitúa logo entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu mandato.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra este regulamento poderá interperse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso–Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.



SEGUNDA

A partir da publicación da aprobación definitiva do texto do presente Regulamento no BOP, o Concello remitirá escrito ós colectivos sinalados anteriormente, para que no prazo dun mes procedan á designación do membro correspondente aos mesmos para formar parte do CEML. No caso de que no prazo sinalado non se formulen propostas, o Concello realizará libremente, por acordo do Pleno da Corporación, a proposta da Alcaldía, a designación.

Lalín, 23 de xullo de 2015.—O Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio.

